




Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B GCS	Documento 10515I0SPB	
Código de verificación  0A3R 5O5M 0T6Q 2C10 1D06	Expediente 105/2021/1918	
	Fecha 03-08-2021	

Convocatoria específica de subvencions para entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro destinadas a actividades ou proxectos de interese social a realizar durante o exercicio 2021

(convocatoria aprobada polo acordo da Xunta de Goberno Local, de data 07/04/2021)
[Ref. BDNS (Identif.):556736].

RECTIFICACION DE ERROS NO ANUNCIO DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL ca LISTAXE PROVISIONAL PREDEFINITIVA de entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro beneficiarias, así como da puntuación outorgada e a contía concedidas a cada una delas,

PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE EDICTOS

Publicado no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal o anuncio de proposta de resolución provisional de solicitudes concedidas con cargo á convocatoria específica de subvencions para entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro destinadas a actividades ou proxectos de interese social a realizar durante o exercicio 2021, detectouse un erro material que debe ser corrixido.

A base 14.2 das reguladoras da subvención establece que cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades ou proxectos a desenvolver pola entidade solicitante e o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferiorá que figura na solicitude presentada, de conformidade co disposto no artigo 27 da LXS, poderá instarse á persoa beneficiaria a reformulación da súa solicitude, para axustar os compromisos e condicións da subvención outorgable, non prazo non superior a cinco días hábiles dende a finalización do prazo de presentación de alegacións.

Tendo en conta que o prazo para a presentación de alegacións polas entidades solicitantes quedou fixado, pola publicación do anuncio do 2/08/2021 ó 13/08/2021, e que o acordo da Xefa de Servizo establece un prazo de 3 días hábiles para a realización de reformulacións, o prazo para a reformulación de solicitudes iniciárase unha vez finalizado o prazo de alegación, sendo polo tanto do 16/08/2021 ao 18/08/2021.

Tendo en conta o anterior, realizouse unha rectificación de erros do antedito anuncio o 03/08/2021 no sentido de que

Onde di:

- *Prazo de presentación de solicitudes de reformulación das solicitudes iniciais:*

De acordo co establecido na Base 14.2 das Bases reguladoras desta convocatoria, o PRAZO DE PRESENTACIÓN de SOLICITUDES de REFORMULACIÓN das SOLICITUDES INICIAIS é de TRES DÍAS HÁBILES a partir do día seguinte da finalización do prazo de presentación de alegacións.

O prazo de presentación de SOLICITUDES de REFORMULACIÓN das SOLICITUDES INICIAIS estará comprendido entre o día 02/08/2021 ata o día 04/08/2021, ámbolos dous engadidos.



Advirtese ás entidades interesadas na reformulación das súas solicitudes iniciais, que de acordo co establecido na Base 14.2 das Bases reguladoras desta convocatoria, e no artigo 27 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que a entidade beneficiaria que presente reformulación deberá manter o importe da cofinanciamento ou, no seu caso, a porcentaxe de cofinanciamento que constase no orzamento inicial.

Con todo, no caso de que se reaxuste o orzamento á baixa, deberá xustificarse adecuadamente o mantemento do resto de criterios que resultaron esenciais para o outorgamento da subvención concedida (número total de horas, etc.), podendo reaxustarse á baixa a puntuación e a subvención outorgada en caso contrario.

Debe dicir:

- ***Prazo de presentación de solicitudes de reformulación das solicitudes iniciais:***

De acordo co establecido na Base 14.2 das Bases reguladoras desta convocatoria, o **PRAZO DE PRESENTACIÓN de SOLICITUDES de REFORMULACIÓN das SOLICITUDES INICIAIS é de TRES DÍAS HÁBILES a partir do día seguinte da finalización do prazo de presentación de alegacións.**

O prazo de presentación de SOLICITUDES de REFORMULACIÓN das SOLICITUDES INICIAIS estará comprendido entre o día 16/08/2021 ata o día 18/08/2021, ámbolos dous engadidos.

Advirtese ás entidades interesadas na reformulación das súas solicitudes iniciais, que de acordo co establecido na Base 14.2 das Bases reguladoras desta convocatoria, e no artigo 27 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que a entidade beneficiaria que presente reformulación deberá manter o importe da cofinanciamento ou, no seu caso, a porcentaxe de cofinanciamento que constase no orzamento inicial.

Con todo, no caso de que se reaxuste o orzamento á baixa, deberá xustificarse adecuadamente o mantemento do resto de criterios que resultaron esenciais para o outorgamento da subvención concedida (número total de horas, etc.), podendo reaxustarse á baixa a puntuación e a subvención outorgada en caso contrario.

A Coruña, na data da sinatura electrónica do presente documento.

A Xefa de Servizo de Acción Social,

P. A.

O Xefe de Servizo de Servizos Sociais.